

Varios

Reiteramos que se negocie a recuperación do horario lectivo do profesorado

Rectificar demostrouse como a mellor decisión desta Consellaría en varios temas. Rectifiquen agora na súa negativa a negociar a devolución do que nos corresponde lexitimamente: a redución a 18 horas lectivas en secundaria e 21 en primaria. Están a tempo de facelo. **Todas as organizacións sindicais vimos de convocar unha folga para o 12 de decembro. Se teñen vontade de rectificar, están a tempo de facelo.** Se non, estaranlle confirmando ao profesorado que fronte ao desprezo, os recortes e a falta de negociación só cabe a mobilización. **A Consellaría reafírmase na negativa expresada pola conselleira de Educación.**

Esiximos a retirada da circular que prohíbe expresamente que o persoal interino ocupe cargos directivos

A ESAD Mestre Mateo xa ten de novo a dous docentes interinos no equipo directivo. Mais a rectificación da Consellaría non pode nin debe rematar aquí. Vimos de presentar un requirimento para que se cese na aplicación desa instrución e se comunique aos centros educativos tal decisión. Unha circular non ten carácter normativo e o seu contido contradí a normativa legal e non foi negociado. Polas formas e polo fondo, dean marcha atrás e non discriminen o persoal interino. **A Consellaría afirma que contestarán ao noso requirimento.**

Oferta de emprego: prazas e especialidades

A conselleira, seguindo o vello guión deste goberno, xa anunciou que se ofertarán prazas en 90 especialidades. Na CIG-Ensino contabilizamos **75 especialidades nas que traballan 10 ou máis persoas interinas e 41 nas que traballan 20 ou máis.** Isto significaría que despois de anos de conxelación de emprego público agora se convocarían procesos selectivos en especialidades **con menos de 10 interinos traballando.** E isto sen que exista ningún tipo de cláusula de estabilidade no actual “acordo de interinos”. Unha administración que sexa sensíbel e non vexa o profesorado como simples cifras debe saber combinar a necesidade de ofertar prazas nas oposicións co respecto por quen leva anos e anos en precario. Amosamos a nosa preocupación pola información da conselleira e insistimos na nosa demanda de información completa sobre o profesorado actual por especialidades, tanto das futuras xubilacións como das persoas interinas con anos de servizos e urximos que se faga canto antes. **A Consellaría non confirma nin desmente o anuncio da conselleira e din que están a estudar a oferta de emprego, sen dar ningún dato sobre cando nos convocarán. Afirman que efectivamente poderían ter ese estudo que lle solicitamos mais que non entenden que sexa condicionante para decidir en que especialidades ofertarán prazas.**

As distintas varas de medir da Consellaría: a coeducación

Hai unha dotación orzamentaria de 35.000€ para elaborar os plans de coeducación nos Centros Integrados de FP cando para o resto dos centros é moi inferior, roldando os 1.000€ en función do alumnado. Como se entende isto? Como se entende que de súpeto aparezan cartos para uns centros e outros non e que se faga atrapalladamente, ás prásas, sen formar previamente o profesorado, sen redución horaria para poder levar adiante ese traballo?

Chama poderosamente a atención que empresas do ámbito da consultoría estivesen tan áxiles como para ofrecer os seus servizos nos CIFP por contías moi similares ás axudas que achega a Xunta. Hai centros que contrataron eses servizos por 30.000€.

A Consellaría quere saír ao paso tarde, mal e arrastro e semella que beneficiando ao tempo a empresas privadas. Ese diñeiro había que investilo con rigor: formando previamente ao persoal docente, implicar a ese profesorado no desenvolvemento dese plans, alargar esa implicación ao conxunto dos claustros, facendo da coeducación un elemento central da política educativa e de formación da Consellaría. En vez diso, cobren -malamente- o expediente.

Os representantes da Consellaría tiran balóns fóra dicindo que é un tema competencia da Dirección Xeral de Educación.

Cobertura de vacantes de Portugués. Publicación da orde de titulacións para acceder a listas de substitucións

Temos insistido xa reiteradamente no retraso que leva a publicación da orde que

contén as titulacións para poder acceder ás listas de substitucións en caso de non ter superado ningún exame nas probas selectivas. Se con carácter xeral é criticábel, o que xa non ten sentido é o que se fai con Portugués. Veñen de cubrirse tres prazas de docentes da especialidade de Lingua Galega mais que imparten total ou maioritariamente aulas de Portugués con docentes da lista de L. Galega, privando a quen se presentou ás oposicións de Portugués de ocupar eses postos de traballo.

En resposta á nosa queixa informan que hoxe mesmo se colgarán as listas provisionais e que nesta semana se publicará no DOG a orde das titulacións.

Para a CIG-Ensino iso non xustifica que non se puidese ter tirado das listas provisionais para as prazas de Portugués.

Cese de persoal substituto durante o verán

Unha sentenza gañada pola CIG-Ensino vén de recoñecer que o cese do profesorado substituto con data 30 de xuño é arbitrario e contrario a dereito.

Esta demanda e outras que poidan vir no futuro poderían evitarse na maior parte dos casos se a Consellaría restituíse o dereito a cobrar os meses de verán cando se traballou 5 meses e medio. A Consellaría afirma que, de momento, unha única sentenza non senta xurisprudencia e que non facer cambios.

Funcionariado en prácticas: formación e flexibilidade

Solicitamos que se habilite a posibilidade de facer os cursos obrigatorios a distancia durante unha baixa médica ou ben que se

flexibilicen as datas durante realización do curso. O obxectivo debe ser facilitar por todos os medios que unha persoa non teña que aprazar un ano a fase de prácticas por unha baixa.

A Consellaría dános a razón e explica que existía un desentendemento entre Persoal e Formación. Indica que todo o funcionariado en prácticas non se pode ver afectado por estar de baixa para facer os cursos vinculados á fase de prácticas xa que estes cursos son parte do proceso selectivo. Afirmar que se programarán novos cursos para quen quedou fóra e que en vindeiros cursos non existirá este problema.

Pago do Complemento por Licenza de Enfermidade

A Consellaría informa de que o pagamento da diferenza até o 100% das retribucións para o profesorado que supera os 90 días de baixa está moi adiantado. Na provincia de Pontevedra está xa case ao 100% de pagamento e, se non é antes, en xaneiro todo o profesorado a quen se lle debe ese complemento, xa o terá cobrado.

Desde a CIG-Ensino recomendamos a todo o profesorado que se atope nesta situación que revise as nóminas deste ano e que comproben se figura o concepto “COMPLEMENTO L.E.”

Cómputo das vacacións non gozadas para todo o profesorado

A Consellaría informa que están tramitando todas as actualizacións e que calculan que faltan neste momento un 12.000 docentes por completar os datos. Cada docente recibe por correo unha resolución co tempo que se lle engade a efectos de antigüidade polas vacacións non gozadas. Irán progresivamente repercutindo ese incremento de tempo cotizado nos trienios e sexenios.

**Son horas
Son dereitos**

Concentracións. 21 nov 19:30 h

A Coruña. IES Eusebio da Guarda
Ferrol. Edificio da Xunta
Santiago. Praza do Toural
Lugo. Subdelegación do Goberno

Ourense. Subdelegación do Goberno
Pontevedra. Praza da Ferrería
Vigo. Marco

FOLGA 12DEC

18 21

#18e21horas

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal